

Incrementéntase de novo o recorte orzamentario para o PIALE

Antes de comezar coa negociación do PIALE unha **cuestión previa**, a Consellaría está tomando como costume enviar as convocatorias da mesa os venres, non teríamos problema se non fose porque nese mesmo día envían tamén os textos a negociar, o que dificulta recoller achegas do profesorado.

Como criterio xeral, a CIG-Ensino manifesta unha vez máis o seu desacordo con este modelo de formación en linguas pensado para potenciar os centros plurilingües e non para a adquisición de maior competencia en lingua estranxeira polo conxunto do profesorado e que está tendo consecuencias no propio CXT.

Seguimos solicitando que a Consellaría xestione directamente o PIALE, xa que ano tras ano segue a haber problemas coas estadías, citamos algúns problemas que se nos remitiron, neste caso de Canada.

- 🗣️ Participantes que non está con profesorado das súas especialidades.
- 🗣️ Cambios de centros de última hora.
- 🗣️ Improvisación ou falta de información ao profesorado, non sabían nin a que hora comezaban as clases nos centros asignados.
- 🗣️ O persoal participante non sabía da existencia dunha folla de control horario por parte do profesorado que titorizaba, se xa isto seméllanos preocupante é máis raro cando as participantes eran quen tiña que levar despois este documento e non eran coñecedoras nin da súa existencia.
- 🗣️ As actividades complementarias estiveron moi mal organizadas, e incluso incompatíbeis cos horarios do profesorado nalgún dos centros,

por non falar da calidade dalgunha das charlas.

- 🗣️ Tamén hai queixas sobre as estancias, a organización vendía compartir estas coas familias como forma de integración cando na realidade as familias tiñan estas visitas como segundos ingresos, algunha case pensións.
- 🗣️ Queixas tamén sobre a alimentación a limpeza nas casas.

En definitiva, que se teñan en conta as queixas do profesorado e se mellore na xestión das estadías, non pode ser que ano tras ano se conceda o concurso á empresa que ten todas estas queixas.

Cambios na orde

Aínda que nesta orde volven a poder participar na modalidade 1 o profesorado que imparte nas EOIs, seguen sen poder participar os que imparten nas ensinanzas de réxime especial, foi un esquecemento na rectificación ou a administración vai manter esta limitación? **A administración respóstanos que si, que a exclusión non é un erro, que non van poder participar.**

Segue sen poder participar nesta modalidade o **profesorado que imparte materias non lingüísticas con nivel B2** que si o podía facer nas convocatorias anteriores á do ano pasado.

Incrementéntase o recorte orzamentario

O ano pasado houbo un recorte de máis de 120.000€ que este ano auméntase con outros 35.508 euros menos.

Auméntanse no total, 10 prazas, 5 na modalidade 1 e 5 na modalidade 2 pero a conta de reducir as horas de integración (Fase A) na modalidade 1 de 100 a 50.

Solicitamos que non haxa redución nas horas de integración nas prazas da modalidade 1. [A administración indícanos que a redución é porque eles pensan que os cursos son mellores que as actividades de integración para os obxectivos da orde.](#)

Exención de participación nos tribunais de oposicións

Nos anos anteriores demandamos que se autorizase a suplencia nun tribunal de oposicións a aquel profesorado que teña concedida unha actividade modalidade 2 ao coincidir no mes de xullo e a resposta da Consellaría foi afirmar que a nosa petición era de sentido común. Porén, na orde de oposición non figura. Queremos que se nos confirme que se vai facer. [Van ver de darlle solución, que si é certo que xa o dixeran o ano pasado.](#)

Outros aspectos da convocatoria

 **Convocatoria máis aberta.** Reclamamos que poida acceder a esta actividade o profesorado que non ten ningunha formación en linguas e así poida formarse. Até 2022 podía acceder profesorado con B1; desde o ano pasado só con B2. O que xa non ten sentido é que, sendo un requisito o B2 se manteña como criterio de selección (artigo 7.4.3º) o B2 se todo o mundo o ten que ter.

 **Comisión de selección.** Que a comisión de selección estea composta por persoal técnico e con competencia nos idiomas. [A administración di que o persoal que nomea a orde xa é especialista.](#)

 **Renuncias e redistribución.** A posíbel redistribución de prazas e a xestión das renuncias (penalización por ausencia de causas xustificadas) debería ser posta en común na comisión con presenza sindical.

 **Participación de profesorado interino** (Art. 5). Entendemos que o persoal interino ten que ter acceso a PIALE. É un dereito, en coherencia coa lexislación europea, con independencia de que haxa unha prelación na que teña prioridade o funcionariado de carreira. [Alegan o custo por praza para non permitir a participación do profesorado interino.](#)

 Destacamos unha vez máis a ausencia do **Italiano** e a escasa oferta en idiomas como **Portugués**.

Propostas da CIG-Ensino ao baremo

 **Apartado 1.** Incrementar a puntuación da antigüidade de tres a seis puntos.

 **No apartado 2.2.** Inclúese a asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado **impartidas en lingua estranxeira**.

 **Apartado 2.4.** Reducir de 4 a 2 puntos. No mesmo apartado non entendemos por que retiran a Coordinación do Programa de auxiliares de conversa, nin por que non puntúa a coordinación das seccións bilingües ou do programa bilingüe nos centros plurilingües. [A administración di que se eliminou a coordinación do programa de auxiliares de conversa dado que non existe esa coordinación en todos os centros.](#)

 **Apartado 2.6.** Solicitamos que se faga unha preferencia en función da participación: **que teñan prioridade as persoas que non participaron nunca**. Vemos como un avance que se aumente o tempo de exclusión, pero seguimos solicitando que se fagan grupos de preferencia, de no ser aceptada a nosa proposta de facer grupos de prioridade segundo teñan participado ou non, habería que incrementar de 10 a 15 puntos para favorecer ás persoas que nunca o fixeron. O profesorado tamén solicita transparencia e claridade nos motivos de exclusión, sobre todo en canto aos anos que fai que participaron nas actividades.